

Da comezo a sesión da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ás 12:45 horas na Sala de Xuntas virtual do Decanato, unha vez que se cubre o quórum preciso en primeira convocatoria.

Asistentes:

PDI

Bergantiños Cid, Gustavo; Castro Fernández, Ana Esther; De Miguel Palacios, Carlos Juan; Falagán Mota, Jorge; Garza Gil, María Dolores; González Martínez, Xosé Manuel; González Savignat, M^a del Mar; Lorenzo Alonso, Pedro; Lorenzo Picado, Leticia; Roca Pardiñas, Javier; Vázquez Pampín, Carmen; Vila Alonso, Mercedes; Vila Biglieri, Jorge E.

Alumnado

Álvarez Moreira, José Ángel; Iglesias Allica, Malena; Lloves Herbón, María Asunción; Rodríguez Pérez, Carla.

PAS

Nieto Rodríguez, Ángel

Desculpan a súa ausencia:

PDI

Ferro Soto, Carlos Antonio

Punto 1:

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por **ASENTIMIENTO** (11/06/2021).

Punto 2:

Informe do Decano.

1. Infórmase da convocatoria da Xunta de Galicia para solicitar a implantación de novos títulos no centro. Dado que os prazos son moi axustados, este decanato trasladou a convocatoria aos departamentos no caso de querer articular algunha proposta. Dado que o equipo decanal atópase ao final do seu mandato, non poderá liderar este proceso, pero ofrécese para axudar en todo o necesario.

2. O próximo sábado 10 de xullo celebrarase a graduación das promocións de ADE, Economía e PCEO no campo de fútbol de herba artificial e invítase ao profesorado a asistir ao mesmo.
3. Con toda probabilidade o 3 de setembro celebraranse as graduacións pendentes do curso 2019/2020. Nesa mesma fecha haberá un evento para celebrar o 30 aniversario do noso centro.
4. O próximo curso 2021/2022 prevese que será na modalidade presencial dende o mes de setembro dadas as novas medidas aprobadas en Consello de Goberno do pasado 26 de xuño, que permiten un aumento significativo das capacidades máximas, pendentes de confirmar pola unidade técnica.

Punto 3:

Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións da Facultade para o curso 2021-2022.

O Decano cede a palabra a Ana Esther Castro, Vicedecana de calidade, que informa que as guías elaboráronse seguindo os criterios establecidos nos estatutos da universidade e o recentemente aprobado regulamento dos estudantes.

Solicítase a súa aprobación por asentimento. José Angel Álvarez Moreira maniféstase en contra e procédese á votación, sendo o resultado da mesma o seguinte:

- A favor de aprobar as guías docentes: 13
- En contra da aprobación das guías docentes: 1
- Abstención: 2

Polo tanto **APRÓBANSE** as guías docentes de tódalas titulacións impartidas no centro.

José Ángel Álvarez Moreira solicita que conste nesta acta o seu voto en contra.

Punto 4:

Aprobación, se procede, do calendario de exames dos Graos en ADE e Economía para o curso 2021-2022.

A profesora Dolores Garza informa da ausencia da materia técnicas de economía aplicada no calendario de exames. A Vicedecana de calidade Ana Esther Castro descúlpase pola errata e fai a seguinte proposta de corrección para a inclusión da materia no calendario:

- Traslado do exame de matemáticas ao 25 de xaneiro ás 15:00.
- Inclusión do exame de técnicas de economía aplicada o 27 de xaneiro ás 15:00.

Solicítase á comisión a potestade de arranxar posibles erratas que podan ser detectadas no futuro.

APRÓBASE por asentimento.

Punto 5:

Aprobación, se procede, dos horarios das materias en inglés dos Graos en ADE e Economía para o curso 2021-2022.

O Decano cede a palabra a Javier Roca, Vicedecano de organización docente, que informa que a proposta que se trae á comisión para a súa aprobación basease en dous opcións presentadas ao profesorado das materias en inglés:

- Solapar a docencia en inglés co grupo A de teoría e con o grupo A1 de prácticas.
- Trasladar a docencia da materia en inglés ao horario de tarde co fin de evitar solapamentos e ter unha oferta máis atractiva para o alumnado Erasmus.

Fíxose unha primeira proposta que foi revisada polo profesorado dando lugar a proposta que se trae para a súa aprobación na comisión. Javier Roca informa da solicitude da profesora Leticia Lorenzo de trasladar a materia Statistics ao horario de tarde.

APRÓBANSE por asentimento os horarios coa modificación da materia Statistics.

Punto 6:

Aprobación, se procede, de modificación formulada polas persoas coordinadoras das materias Dirección de Operacións e Dirección de Recursos Humanos do Grao en ADE respecto do horario aprobado en Comisión Permanente do 11 de xuño de 2021.

O Decano informa que na última comisión permanente (11/06/2021), aprobáronse definitivamente os horarios do próximo curso 2021/2022 co compromiso do Decanato de que, se a dirección do Departamento de organización de empresas e márketing xustificaba a imposibilidade de impartir dita docencia por cuestións de conciliación laboral e familiar, propoñíase a modificación dos horarios.

Infórmase tamén dun problema coa materia de Creación e simulación de empresas por duplicidade de grupos prácticos. O Decanato propuxo o traslado dun dos grupos prácticos ao horario de tarde. Proposta aceptada polo departamento.

No referente ás materias Dirección de Operacións e Dirección de Recursos Humanos do Grao en ADE, o Decano informa que poucos días despois da comisión permanente do 11 de xuño, a pesar do compromiso deste Decanato, os profesores coordinadores presentaron unha queixa ante a Valedora da universidade.

Sen ter recibido a notificación formal desta queixa o Decano elaborou un documento onde se recolle de xeito resumido que:

- Este Decanato non ten notificación formal da situación familiar deste profesorado para acollerse a normativa de conciliación familiar.
- A dirección do Departamento afectado non enviou ningunha proposta de horarios para resolver este problema respectando os criterios de elaboración de horarios aprobada por asentimento na comisión permanente do 11 de xuño de 2021.
- Este Decanato presenta diferentes opcións de horarios que solucionan o problema de conciliación e acordes aos criterios anteditos.

Trala intervención de Dolores Garza, José Ángel Álvarez, Ana Esther Castro e Mercedes Vila, o Decano solicita á comisión permanente manter os horarios como foran inicialmente aprobados o 11 de xuño de 2021. Procédese a seguinte votación:

- Apróbase a proposta de modificación: 2
- Non se aproba a proposta de modificación: 11
- Abstención: 1

A modificación dos horarios **NON SE APROBA** por maioría.

Punto 7:

Rogos e preguntas.

- Jorge Vila Biglieri informa que ten problemas á hora de que se faga publicidade na facultade do Mestrado en auditoría e contabilidade. Ana Esther Castro informa que a publicidade na pantalla da facultade e dos títulos oficiais da mesma. O mestrado en cuestión é un título propio da universidade e non da facultade e polo tanto lle corresponde ao departamento de comunicación da universidade a súa publicidade.
- O decano informa que recentemente fíxose publicidade dos mestrados da facultade o polo tanto o mestrado en auditoría e contabilidade non podía aparecer na pantalla. Se ben se o coordinador do mesmo o solicita, o decanato non terá problemas en facer publicidade nas pantallas do centro.
- Mar González solicita que os horarios podan descargarse en PDF para non ter que acceder á páxina web cada vez que se queiran consultar. Ademais, solicita que se cambie a denominación de plans curriculares que aparece no menú por outra denominación máis intuitiva.
- Javier Roca informa que está de acordo cos seus comentarios e que neste momento se está traballando no formato da web dos horarios para incluír un botón de descarga dos mesmos en PDF.
- Jorge Vila tamén solicita que nos horarios figure a data de tódolos días e non so a dos luns.
- Mercedes Vila quere confirmación da solución dos problema nos horarios da materia de Creación e simulación de empresas en dúas semanas. O Decano informa que se arranxaron os problemas nunha das dúas semanas. Pídese ao coordinador da materia que envíe unha proposta cerrada, tendo en conta os horarios publicados e os criterios de elaboración de horarios, e non haberá problema en realizar o cambio.
- Finalmente o Decano informa dunha próxima comisión permanente para a aprobación dos horarios e calendario de exames do PCEO.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión da Comisión Permanente ás 13:10horas.

O Presidente
Jorge Falagán Mota

O Secretario
Pedro Lorenzo Alonso